

REXURDIMENTO

Redaición e Administración

Praza dos Irmaos García
Naveira, núm. 22

BOLETIN QUINCENAL

ORGÃO DOS INTERESES MARIÑAS

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Betanzos, trimestre	0'60
Fora da localidade.	0'90
Exemplar	0'10

ANO I.

Betanzos, 16 d'Agosto do 1922.

NÚM. 2

O suor do labrego

Cando vexas pasar un labrego, descobrete.
O mais outo, o mais dino de reverencia que
hai sóbor da Terra é o suor do traballador da
Terra.

Os libros sagros falan do suor nos douis is-
tantes cumes da historia
da Humanidade: na hora
do Pecado e na hora
da Redención. Cando o
home pecou, *El Señor*, o
marcarille o seu destino,
dixolle que teria que ga-
ñar o pan c-o suor da
sua frente. Cando Cristo
Noso Señor arremata-
ba o traballo divino
da redención do home,
pra libertalo do pecado,
suóu na cruz.

Si o sangue fai late-
xar o teu corazón é por-
que o labrego súa.

Si a tua carne se re-
nova e purifica é por-
que o labrego súa.

Si os teus hosos se
alongan e enfortecen é
porque o labrego súa.

O suor do labrego é o
pan. E o pan é a lédicia
do fogar. E o pan é a
vida.

Ten presente que na vida terreal poderíam-
os vivir sin merceiros, sin homes de curia,
sin meiciñeiro, sin soldados; sin labregos.
non. «Todo o pode ignorar o home sin perigo
da vida menos o tempo da sementeira do tri-
go.» Outro grande home dos nosos días, o
poeta indio Rabindranath Tagore, tecéu
unha oración con verbas d'este xeito:

«Dios está ali onde o labrego cava a terra,
ali onde pica a pedra o canteiro; está a ca-

rón d-eles, no sol e na chuvia, c-o traxe cheo
de pó. ¡Baixa c-o teu Deus á terra poirenta!
¡El está sempre e para sempre xunguido a
todos nós! Sai do teu embobamento! Vai ó
seu encontro, ponte a carón d-Él e traballa
je que a tua testa súa!»

R. CABANILLAS.

LETRAS IRMÁS

ORAÇÃO A DIONYSO

No teu templo de luz e ambar de Ophala
De novo agora ajoelho e, prosternado
Sobre um setim antigo, cor de opale,
A minha voz eu ergo, em tom velado...

Ao receberes Este livro amado
Feito de cōres, que eu vesti de gala,
Entorna sobre min o oiro sagrado
Que di o rythmo e faz mudar a fala!

Ensina-me a esculpir nas rochas duras
As formas imortais, bizarras, fátuas!
Descobre-me a eclosão das linhas puras
Limpidas, muzicaes, harmoniosas...
Da-me á palabra a curva das estatuas
E enche-me a voz de pedras preciosas!

ANTONIO DE CERTIMA.

Porto.

FICAMOS LEDOS

Unha das ledicias mei-
randes da nosa vida ti-
vémola d'esperimentar
o derradeiro día da fei-
ra, ó ver entre tanta
mao mariñán REXUR-
DIMENTO.

Agás algunha xente
que xamais nos merecéu
a más pequena consi-
deración con respecto a
istas cuestiós, e que coi-
da o galego pouco im-
portante pra poñer nos
xornales; e agás aqueles
mal pocados! que lles
parece ordinario o em-
prego da nosa lingua,
todos ficaban con entu-
siasmo ó coler o noso
boletin.

Xa non hay dúbida de que os tempos son
chegados.

Os que, ainda xenerosos, fican trabucados,
convenceránse axiña da utilidade do noso
entusiasmo.

Os homes más intelixentes da Terra xa
proclamaron por todas partes a importancia
do galego. Paracemos interesante eispoñer
eiquí o que xa no ano 1917 escribia o ilustre
catedrático Johan Viqueira no noso querido

colega *A Nosa Terra*.—«Os leitores do galego poden ser numerosos; e decir que quen escrebe en galego escrebe quasi para *meio mundo*.— Debemos lembrarnos de que no Portugal e países de lingua portuguesa a nosa literatura ten ardentes partidarios. Derradeiramente en Coimbra no gran teatro da vila oímos eu aplaudir con todo entusiasmo as poesías de Rosalía de Castro, recitadas con enxebre acento, por unha grande artista portuguesa, Amelia Rey Caço que os galegos debían conocer!— Ademais lebrémonos tamén de que nos países de lingua castelán non se hachará dificultade ningunha para comprendernos!— Por isto no porvir até a nosa correspondencia comercial se fará en galego!

Para conseguir o que antes digo fan falla duas cousas con respecto da nosa lingua. Primeiramente fai falla afirmar o noso linguaxe literario. Por esto debemos imitar os países que se encontraron na nosa situación (a Grecia, a Flandes, a Cataluña), debemos estudar os clásicos galegos e os *cuasi nosos* clásicos portugueses así como a nosa literatura portuguesa, e non como algunhos fan trascibir a fala de aldeias xa corrompida e que corresponde ao castelan d'el Lopez Silva. — Segundo, para adaptar a nosa literatura ós leitores portugueses temos que admitir a sua ortografía, e decir a hoxe válida en Portugal sómente con aquellas modificacions (ben pequenas por certo!) que esixen as diferencias da lingua. Iste camiño xa foi seguido polos flamigantes na Bélgica que houberon de tomar a ortografía holandesa o que lles aumentou de maneira considerable os leitores.— Fagámolo pois!

D'AGRICULTURA

Alternativas de cosechas

A rotación dos cultivos ou sea a alternativa das cosechas é de tal importancia, que terras de igual composición química e mineralogica, e abonadas coas mesmas materias fer-

tilizantes, o rendimento dos cultivos será moiisimo meillante n'aqueles terreos onde a rotación das plantas que se cultiven siga as reglas e as normas agronómicas.

Poñendo gran coidado n'esto, aparte de obter cosechas más abundantes, e por consiguiente más remuneradoras, consíguese que a terra fique sempre disposta para unha boa produción.

A obtención de cosechas con más proveito despiéndese e dedúcese doada e lóxicamente, pois sabemos que o cultivo sempre d'unha mesma planta, no mesmo terreo, agotao de tal maueira que a súa produción chega a mermarse de tal xeito que o producto que poida dare non solo non cubrirá os gastos ocasionados pol-o seu cultivo senón que se fará nulo. Esto ten, naturalmente, a sua explicazón científica, que en parte no na inoran os nosos labregos, pois a sua frase: «esta terra cánsase» ou «está cansada», non responde, nin máis nin menos, que ao emprego de malas alternativas.

Este «cansancio das terras» apícanlo aos terreos onde as cosechas van disminuindo progresivamente, ainda que os abonos adicionenlos n'as mesmas proporcions, e lles dediquen os mesmos coidados, ou tal vez, más precisamente, para ver de conter a disminución da produción. Pero non é que a terra «se canse como eles coidan, por faltarle algúns dos elementos que a planta necesita para desenrolar en boas condicions e vivir ben; ou que s'haxan agotado os materiais alimenticios; ou que estes non s'atopen en estado de asimilabilidade, non; é qu'o desmelloramento que se observa tanto no qu'afecta á produción coma ao vigor é pol-a presencia no terreo de venenos (toxinas), producidos pol-a mesma planta cultivada, o que atacando á vida dos novos vexetaes fanla levar lánguida, probe, e as veces deixa morren; co-a particularidade que estes venenos mortaes para as plantas da mesma familia son inofensivas para outra especie de plantas que teñen exigencias culturales distintas.

Dedúcese d'esto que si queremos ter boas cosechas e explotar c-o máximo de rendimento as plantas sometidas ao cultivo, impónse o alternalas, facendo que suceda unha planta outra qué non s'asemelle en nada á que acabamos d'arrincar por alimentos, tamaño, exigencias, duración, etc.

Noutro artigo poremos algúns exemplos d'alternativas que se porán seguir nos nosos campos,

C. P.

PANOS E TECIDOS

Casa d'Abarrategui e Bonome

Sánchez Bregua, 3 (Soportás d'a Praza)

BETANZOS

SEMLANZAS GALEGAS

OS POLÍTECOS

Cando poñemos todo o noso agarimo en algo tan outo coma a Terra, quixéramos ollar o ouxeto dos nosos amores non lixugado por ningus defeitos, si non vel-o de cote limpo de todo mal, e escintilante de progreso e felicidade. Na Galiza hay, ende mal, defeitos d'abondo para que nos cheguen a preocupar fondamente; mais istes defeitos que aquí padecemos non son producto da Natureza, por tanto en esto é Galiza unha nazón privilexiada; eles veñen do horne, este ser inmutable e correxible.

Hoxe voume a referir os politecos. En artigos sucesivos falaréi, ó meu ver, d'outras plagas dinas tamén d'estudo.

Os politecos chegan a Castela e teñen moitas veces os destinos da Hespaña enteira; emporiso ningún beneficio fan xamais á sua Terra. Esto sabeno todal-as xentes da Península, e xa sirve moitas veces de comentarios xocosos. A nos isto non-os fai rir, coma os estraños, porque chega a ferir a nosa i-alma, chea d'arelas redentoras. A nos preocúpanos a cotío e fainos pensar n'uu xeito de o pór remediar.

«Por qué—pódele preguntar—ese abandono e apatía dos nosos politecos para a súa Terra?

A resposta para nos e esta: síntense moito politecos e pouco ou nada galegos.

Lémbrome agora d'unhas verbas que dixo el-Rei cando se formou o goberno anterior presidido por Maura. O Monarca dixo e ver que no goberno non antraba ningun gallego, o que desde hai tempo e couxa rara: *ahora trabijken por Galicia*. Parece que con esto deberíase entender que ainda que non había ministros galegos no goberno non por esto deberíanse esquecer de Galiza. Mais, ende mal, non se lle pode dar eso senso á frase, sinón, nin máis nin menos, o contrario.

Para nós os políticos galegos son unha cousa fuesta. Eles, ó millor, ficau n'un Ministerio, e, desde ali, axudan a faguer proiectos e concesións en favor do que eles chaman Hespaña, que é, precisamente, o que non é Galiza.

Nós non debemos esperar grandes cousas dos gobernos: xa sabemos o que son para Galiza por mor dos politecos. Nos teremos de facer patria enseñando ó rapás, pensando que ese rapás ha ir medrando. De exemplo nos poden servir os catalás e bascos, cidadáns d'unhas nacionalidades adiantadas.

Os catalás, por exemplo, inculcan ó pequeno amor á Patria, á lingua, ás suas glorias. Así fanno crear n'un ambiente felis e forte.

A vos do forte sempre se escucha. Nós debemos ser fortes facendo forte o lazo que nos xunte. Así sairá a vos do povo coma algo que sai do corazón do mesmo.

Endebén, hoxe hay xente que vai preocupándose d'un díoso porvir, e, entre todos, loitan de cote as Irmundades Nazionalistas, que batan suas añas por todol-os recunchos da Terra.

CORTIÑAS.

D'IRLANDA

O xoevos derradeiro, foron executados os dous patriotas irlandeses, Dum e O'Sullivan, que en instantes d'eisaltada locura, n-eles producida polo martirio horrivel que a nazon irmá e patria sua ven sofrindo, non dubidaron en poñer fin á vida d'un dos tiranos, o reacionario mariscal Wilson, inspirador cerca do goberno de Londres da represión ineficaz que está ensangrentando o chan da fermosa Erin.

A terra de San Patricio ten d'isa data en vante dos santos. más no seu martiroloxo, y-a fera e despótica Albión un borrón más no seu noxento historial de criminaes opresións.

Baladas Francesas

DE PAUL FORT

O VENTO EMPURRA-NOS

Morte! o vento ao redor do mundo. Vida! ao redor do mundo ri—Amemo-nos depresa, amemo-nos todos, despidamo-nos, o vento empurra-nos:

Logo, se te arrasta o vento, Morte! e que que as suas franjas varren-te, Vida!—Amemos de presa, amemo-nos todos, despidamo-nos, o vento empurra-nos.

Vida! ti empurra-nos cara a morte. Morte! ti empurra-nos cara a vida—Amemos pois, amemo-nos todos, se e necesario sempre que voltemos nos a ver.

A FOLLA MORTA

¿Lembras-te, amada? Vimos esmorecer-se o dia do noso humor en un parque fechado.

Ti, tiñas-me dito adeus con a cabeza apena, e eu respondin-te con un sorriso.

Uma folla morte, entón voava sobre as nosas almas. Sobre os mouros ferros roidos da grade eu tocaba a lyra.

E iso foi todo... Era a hora do crepúsculo, quando o amor vai-se, e vanse as estatuas.


O VENTO DEU A VOLTA AO MUNDO

O vento deu a volta ao mundo colleo todas as flores da China, as rosas, as malvas, as loiras, a grizes.

O dia, a noite—hei aquí o vento por todo o mundo.

O vento deu a volta ao mundo, colleu to-

Lea vostede "REXURDIMENTO"



das as follas na França, as secas, as verdes, as amarelas, as brancas. A noite, o dia—hei aquí o vento por todo o mundo,

O vento deu a volta ao mundo, colleo todos os fructos de aqui, os rotos, os d'ouro, os mousos tamén.—Nen o dia nem a noite—hei é a treboada para os de aquí.

CEBREIRO (traduziu).

Novas locaes

Constituíuse unha nova sociedade de Socorros Mútuos n'esta localidade, levando o título de «La Benéfica». Os asociados pagarán unha cuota de 1'50 ptas. ó mes, e terán direitos, en caso de doença, a asistencia médica, medicinas e un socorro de 1'50 ptas. Estes direitos teráios, no só o socio, sinón tamén toda a familia que conviva co il.

A direitiva da dita sociedade estará constituida na siguiente forma: Presidente, D. Enrique Durán; Vicepresidente, D. José Sónora; Segredario, D. José Filgueiras; Vicesegredario, D. Pedro Couce; Tesoureiro, D. Ricardo Bonome; Contador, D. Bartolomé Babío.

O médico encarregado da asistencia terá de ser D. Ricardo Curiel.

O Bispo da cidade do Sagramento será probavelmente invitado pol-o Concello a un xantar que, en honor d'il terá de se celebrar mañá, día 16, á unha da tarde, na Sala Capitular.

Unha comisión d'hoteleiros e fondistas da población, tomou o acordo de celebrar un día de Caneiros extraordinarios o día 20. en honor ós forasteiros. A esta festa concurrirá a banda municipal.

Os días derradeiros vense traballando con ardencia nas obras do Liceo Recreativo. Hoxe remataráse todo o traballo, e así ficará a veterana Sociedade arregladada pr'o o brillante baile que mañá s'ha celebrar nos seus elegantes salós en honor ós forasteiros.

A Compañía do Norte acordou que na madruga-dá dos días 17 e 19, despois de se celebrar as festas do 16 e 18, saian trés especiaes, pra qu'os forasteiros poidan voltar a Cruña despois de pasal-as festas no noso povo.

En Bergondo, proiéutanse celebrar unhas grandes festas qu'han ter logar nos días 20, 21, 22, 23 e 24 do presente mes. Prometen estar moi animadas, e pésase en iluminar a carretera con lúces eléctricas, constituindo d'este xeito unha novedade qu'ha de chamar a atención.

O 31 de Xulio derradeiro detuvo a policía segreda da Cruña a Arturo Ruiz, por usar o nome suposto

de Alberto. Este tal Ruiz estaba reclamado pol-o Xusgado de Betanzos por estafas ós veciños d'iste povo.

Traballando o día 4 no Sanatorio pra Nenos anormaes, que s'está construindo no Coto, tiveron unha disputa os obreiros Xaqún Carro García, natural das Cascas, e Antonio Teijeiro, alias o Ferrolán, natural do Ferrol. Dista disputa saliu ferido o promeiro, que se presentou na Inspección de Policía.

A Central de Telégrafos, que até o d'agora tiña o seu domicilio no Rollo, traslada istos días as suas oficinas á rua dos Anxeles, cabo da casa de Correos.

Mañá, día 17, celebrarase, como saben nosos leitores, un manílico baile nos salós do Liceo Recreativo. A banda militar d'Isabel a Católica e a encarregada d'amenzinar a festa, e ten pr'a mesma preparado un escollido programa de bailables modernos.

A xunta direitiva do Liceo solicitou do señor Wais o dar unha conferencia n'aquela sociedade, a que suponemos ha ser moi interesante.

Tamén trátase de obter do Ilmo. Sr. Bispo de Lugo que dé outra conferencia, que todolos brigantinos agradecerán na i-alma.

DE SOCIEDADE

Procedente da Arxentina chegou a Paris, onde s'atopa, o noso querido amigo Francisco Cortiñas. Proiecta recorrer diversas cidades francesas, embarcando logo para Inglaterra, de donde voltará outra vez para América, non sin que antes teñamol-o gusto de o ver unha temporada entre nos.

Estos días chegaron a Betanzos, para presenciar as nosas festas moitas familias que s'atopan vraneando nas vilas e aldeas veciñas.

AOS NOSOS LEITORES

Moi axiña sairá **REXURDIMENTO**, con interesantes melloras.

Entre outras cousas, pensamos que no noso boletín aparezan artísticas ilustracions.

O insine caricaturista Cebreiro fará unha serie de retratos, acompañados c'un autógrafo, das más outas persoalidades da Terra.

No terceiro número, do 1.º de setembro, figurará a primeira caricatura e autógrafo. Representará a Teixeira de Pascoaes, poeta portugués darexión do Miño, galego de curazón e incansável cantor de Galiza.

Insertaremos tamén no boletín do 1.º de setembro un admiravel dibuxo feito á pruma pol-o noso que-

rido artista brigantin Veiga Roel, no que se representa unha romántica ruta da nosa cibdade arcaica.

Como poden ver os que nos honoran c'a leitura d'iste boletín, respetamos a ortografía dos colaboradores. Coidamos, d'isie xeito, non mermar beleza e interés ás concepcións espontáneas dos artistas.

DENDE A CRUÑA

REXURDIMENTO

Non outro nome millor que éste para titular ésta enxebre folla que ven na comarca betanceira a espallar os ideáis de redención galega e a defender os intereses mariñás.

A miña embora e o desexo que cheguen cumpridamente ao remate da sua patriótica pretensión, envio con estas liñas aos irmáns de Betanzos.

* * *

Dende fai cinco anos que escomenzou en Galicia o movimiento nazionalista iniciado pol-as «Irmandades da fala»; o espírito galeguista veu xurdindo d'un xeito grande en todo ese tempo e atópase hoxe n'un momento de grande e prometedora actividade. A labor que se realiza por medio das coros, pol-o teatro, pol-as moitas publicacións que están aparecendo no noso idioma e pol-a que facemos os nazionalistas estudiando seriamente e dando solucións aos problemas galegos, vai dando xa moitos e moi bós froitos. Hoxe é xé unha cuestión que preocupa a todos e o que menos fai é se dar conta d'iste feito real. Hasta os políticos, decote arredados dos nosos problemas e sen lles preocupar o máis mínimo as nosas cousas, comenzan tamén a se darem conta da realidade. Ningún podería maximizar que en tan pouco tempo fixérase tanto se fixo. Estamos comenzando a rubir a escada da nosa libertade. Ningún que non sexa parvo pode deixar de ollar esta reacción, este froito que estase verificando na vida galega.

A arte, a literatura, a política e todas as manifestacións da nosa vida, do noso ser, atopanse agora n'un momento de grorioso e patriótico rexurdimento, que vai a pasos axigantados camiño de aspiración final. A liberdade e a reconstrucción da Nosa Patria.

* *

Betanzos, a histórica cibdade galega, que tan outo e grorioso posto ocupou no noso pa-


sado ten de se incorporar tamén a este rexurdimento dos nosos días. O povo de groriosa tradición, a comarca mariñán, unha das más fermosas da Nosa Patria, non pode nin debe ollar con indiferencia este patriótico movimento. E Betanzos, quizais, a povoación máis galega, máis enxebre de Galicia. Todo n'ela acusa enxebrismo; as suas ruas e os seus pazos lexendarios fálannos ao corazón do grande que foi Galiza nos tempos que xa pasaron. E perciso pois que Betanzos veña a ocupar o mesmo posto que denantes ocupou. Faise necesario que os netos dos betanceiros dos tempos idos incorpórense ao movimento actual e que o voso povo volva a ser na historia dos nosos días o que foi en outros millores e más groriosas para a Nosa Terra. Xá un fato de rapaces nacionalistas veñen dende fai algún tempo espallando n'esa terra os ideáis de redención da Patria. Eles levarános pol-o bon camiño, galegos de Betanzos, e así todos xuntos, povos, e vilas e aldeas galegas chegaremos cinguidos n'unha forte aperta ao remate da nosa obra. Pensade ben que non están lonxanos os días que cantón o bardo e que cando eles cheguen cada un de nós e cada un dos povos galegos ocupará na historia futura o posto que lle corresponde,

Vos tendes a obriga de facer que no futuro sexa Betanzos o que foi no pasado.

VICTOR CASAS.

A Cruña, 13 agosto.

AS NOSAS FESTAS



e descubertos.

O Festival galego celebrado antónite na Alameda estivo moi concurrido. Anque o tempo non se mostraba moi bó e amenazaba chover, a xente non se desanimou e encheu completamente o lugar da festa.

Gustou moi o programa, e algunhas partes foron repetidas a petición do público, como sucedeu c'unha moiñeira a catro voces e unha pandeirada con baile.

Beilouse a Muíñeira, e abofé moi ben; e remató todo co Hino Galego, que todolos concurrentes ouvirón en pe e

Onite, no correio, chegou a esta cibdade o Ilmo. Bispo de Lugo, Rvdº P. Prácido. O chegar ó povo foi

recibido polo Concello en corporación, xunta popular de festexos, reverendos padres franciscanos, clero e innumeravel público. No Auntamento foron todos obsequiados c'un refresco, e, mentres tanto, na rúa, bailaron as danzas e tocaron a banda militar.

A procesión de onte resultou moi concurrida. A elo contribuiu a presencia do Bispo.

A velada celebrada no Campo resultou insuperábel. A iluminación era moi artística. Resultou interesante a elevación do Globo Mediano, e, sóbor todalas cousas, ainda nos parecéu moito máis interesante aquela multitud de mulleres tan fermosas que pasaban polos Cantós. Esto último abosé qu'inda o lembranos agora con ledicia.

Hoxe amanecéu c'un tempo moi formoso.

Ás nove da mañá saíu a banda militar polas rúas, tocando ledas dianas. Os gaiteros algueiraban a cotío por todas partes. Concurriron á animación d'o povo as dúas danzas de mariñeiros e a dos labregos.

As once saíu da Casa Consistorial a tradicional comitiva pra ofrendar o voto na capela de San Roque. Prestaba interés este ano a este aito a asistencia do Bispo de Lugo.

Na misa que resultou moi solemne, falou ea sua acostumbrada elocuencia o tan virtuoso Rvdo. P. Plácido, que basándose no espíritu de caridade que inducía a santo pelengrin a practicar ésta cos seus semellantes, fixo ver con fervente verba, que tan grande sentimento debe ser sempre o que nos inspire todolos actos d'amor que prautiquemos.

Fai un parangón entr'a caridad d'ise xeito e a filantropía como por moitos é entendida, facendo resaltar como inda cando é sempre unha acción loable e dina de gabanzas non pode ser comparada coa humildosa caridade que se practica por amor a Cristo. Por iso é a virtude meirande cando ambas circunstancias concurren.

Dedicou un canto ó amor do que oxe a sociedade carece a pesar de que nunca tanto se falou d'il e indicou ser o medio para que a humanidade volva a sentir a paz no seu seo.

Fustiga os d'arriba que coa sua soberbia e ostentación de riquezas de que tan mal uso fan, dan orixe a turbulencias e rencores. Tuvo palabras de condenación pr'os que aproveitindose da ignorancia das clases infunden humildes odios quetan malos froitos perduren sendo iles os primeiros en probar seu amargor.

LIBROS E REVISTAS

A publicación literaria mensual «Alborada» de Pontevedra, fixo un verdadeiro alarde de bon gusto, botando á luz no dia de Santiago un número extraordinario. Nel colaboraron Euxenio Montes, Vicente Risco, A. Villar Ponte, R. Cabanillas, Manuel Antonio Amado Carballo, Paz Andrade e Vidal Martínez. As ilustracions levaban as firmas insines de Castelao e Méndez.

«Céltiga» pubricou unha nova producción titulada Axúdate e o Mencíñeiro, de Charlón i-Hermida, ilustrado por Cebreiro. Moi axiña voltará a saír «Céltiga» con unha novela do peta ferrolán Nicolás García, titulada, «A Costureiriña».

En Vigo comenzou a se publicar un diario de grandes voos, que causou fonda ledicia en toda a Terra. Leva por nome este tan escelso; «Galicia».

Entre os seus colaboradores literarios e artísticos figuram moitos nomes insines e pra nos moi queridos: Lustres Rivas, Paz Andrade, Vicente Risco, Villar Ponte, Margarita Welquen, Gómez de la Senra, Alvaro Cebreiro, Jaime Quintanilla, Alfonso Castelao, Méndez, Cabanillas...

«As Roladas» esa doce e meiga publicación infantil, saíu por segunda vez, aloumiñando noso corazón d'un xeito intenso. Coidamos que non haberá ningún gallego que teña un anaco siquera de sentimento e non s'emocione c'o testo de «Roladas» que si é feito pr'os nenos, tamén teñen d'ensñar e recrear moito os homes.

Na derradeira publicación aparecen orixinaes de Cabanillas, Villar Ponte, Alvaro Cebreiro, Maximo Ramos e Lloréus.

Un fato de rexos nazonalistas espallou pola Cruña un manifesto titulado ¡Más allá!

Trátase d'un valente e ven orientado berro contra o rutinarismo de moitos gallegos que non se decatan ou non queren decatarse das cisxenzas que na actualidade reclama a nosa Terra. Entre outras cousas interesantes di: «Arrenegamos de mestres e dos seus consellos. Toda voz allea tende a escusar a nosa sinceiridade que é sagra porque é a nosa vida e debemos respetala non ser desleigados a nós mesmos.

Arrenegamos da Lei e da Costume. Cada importa alleira ven a roubarlle á nosa mocedade unha áa.

Arrenegamos dos temas obligados. É vergonoso falar da escravitude da Terra, mentras non se teña feito todo o que compre por anulal a. O pranto e a elexia fixeron coidar os alleos que somos un povo de mulleiros. Como bós ciudadaos da futura República Galega gardémolos nosos encantos patrióticos pra o día en que deamos o verto a sua bandeira e non poidan ser testigos da cobardía e da mansedume.

A literatura paisaxista ó xeito da fotografía iluminada con notas de turista burgués, e a maior calaña do noso paisaxe, que ainda agarda a sensibilidade complexa do noso tempo pra serinterpretado.

Arrenegamos de toda imitazón. A dos vellos en nome da Vida; a dos novos en nome da Novedade».

Iste xornal háchase á venda na librería dos fillos de A. Núñez, no Cantón Pequeno.

Os números atrasados pódense mercar no taller de D. Anxel Ramos, Plateiros, 3.

En Madrid vénese na casa de D. Lois Cortón, Blasco de Garay, 50.

Na Cruña, na Librería de Lino Pérez, Rúa Real.

A lingoa que falamos os galegos é filla da Terra e da Raza galegas. O galego que a non deprenda, como Deus manda, e a non fale, aldraxa a súa Raza e a súa Terra. Cando che digan que tés de deprender o castelán, dí que sí, que queres esnecer o castelán fonda e cumplidamente, mais que denantes de todo queres deprender ben, como Deus manda, a túa lingua galega, a Fala na que tua nai che canta e te arrola e te acarina;

ANAGRAMA

POR C. P.

SONATA DE JUFIR

Combinar as letras d'ista frase pra que resulte o nome d'una feiticeira rapaza da localidade.

LOGOCRIFO NUMÉRICO

Sustituir os números por letras pra que se leia horizontalmente.

6	consonante
4 3	preposición
6 4 5	dignidade
6 4 3 7	animal d'os países septentrionales
3 4 6 7 3	emperador romano
8 4 6 4 3 7	estado atmosférico
8 7 3 6 5 8 2	gesto
1 2 3 4 5 6 7 8	«Deleitoso lugar mariñán»

A solución ao anagrama do número anterior, que por error apareziu «Flor de Neila», debendo figurar «Rosa de Neila», corresponde á fermosa

IRENE LOSADA

CÉLTIGA

Revista mensual ilustrada.

Ademítense suscripcións na redacción d'iste boletín.

LA VERDAD

e paniños, todolos días dibuxos novos. Verdadeiro derroche en lenzos e xéneros blancos.

**SALDO DE RETALES E XÉNEROS DE PUNTO
PRECIO FIJO****NÓS**BOLETIN MENSUAL
DA CULTURA GALLEGA

Ademítense suscripcións n'esta redacción.

BRIGANTINOS:

Si queredes mercar mobles baratos, visita de a nova sucursal do Bazar e Almacén de mobles da rúa do Valdoncel, núm. 43, onde atoparedes os ouxetos que deseedes a precios moi económicos.

Casa central:

FERNANDO LAGO

Panadeiras. 16, CRUÑA.

(SIN BAÑO)

SARNA

(SIN BAÑO)

O producto científico
ESTEAGENOL LAFONT
é o remedio soberano contra
a SARNA. Sólido, de grato
olor. Precio 1'50. En todalas
Farmacias e Droguerías da
Hespaña e Norte d'Africa, e en
casa da Viuda de Lafont, Can-
tón Grande, 39,

BETANZOS

FRUCHAMPAÑ*E o mellor refresco.**Pedilo en todas partes.*

Non podedes pasear moito n'estes días si tedes callos ou durezas nos pés. Pedide Tópico KIRSEM nas boticas, e despois ficaredes coma no ceo.

Non deixedes de concurrir mañá ao gran concerto que na Alameda, executará

AIRIÑOS DA MIÑA TERRA

En crespós, marrocains, lás, sedas, fulares,
nansús e demais novedades pra señora. E a
casa que presenta millor surtido. En pañería
e paniños, todolos días dibuxos novos. Verdadeiro derroche en lenzos e xéneros blancos.

VALDONCEL, 2

PAQUETERÍA, QUINCALLA EL GATO NEGRO — PRECIO FIJO —

Viuda e fillos de Valerio Núñez

Casa especial pra ouxetos d'adorno e fantasía.

Louza e bateiría de cociña.

Vidrio cha e oco. Pinturas e barnices.

Venda eiscrusiva da KROMINA.

Venda eiscrusiva dos cementos marca «ANCORA»
dos fillos de Rezola de San Sebastián.

Materias de construzón.

RUATRAVEZA, 35 E 37. TELÉFONO, 15

BETANZOS

Antigua casa establecida no ano 1879.



ZAPATERIA DO CANTON

A que más surtido ten.
A que más barato vende.
Compre vostede ali.

JOSE IGLESIAS MASDIAS
MERCEAIRÍA, PAPELEIRÍA E QUINCALLA
Praza da Constitución, 2.

FERRETERÍA

Ferramentas, Ferraxes e Puntas. — Gran surtido en
bateiría de cociña.

Non merquedes denantes de visitar esta casa.

Ferreiros, 19.—BETANZOS.

H. COMERCIO

Ramón G. Pernas
(SUCESOR DE JOHAN LOPES)

Praza d'Arines.—BETANZOS

É a millor, más céntrica i-ecómeca da cidade. Visítena os señores viaxeiros e convenceránse.

Si queredes mercar barato visitade o novo
establecimiento de

PANOS, TECIDOS E NOVEDADES

R. MONTES

Ruatravesa, 2, esquina ós Prateiros, — BETANZOS

PRECIOS FIXOS

Imprenta de M. Villuendas, Valdoncel, 50

“HIJOS DE A. NUÑEZ”

CASA FUNDADA EN 1871.

Almacès de tecidos e móbiles

Sánchez Bregua, 2 e 13

Librería, Papelería, Paquetería e Quincalla

Plaza d'Arines, 32.

— BANCA —

Compra-venda de valores, xiros, órdes telegráficas e
toda crás d'operaciones bancarias.

FARMACIA E LABORATORIO DOCTOR COUCEIRO

Prateiros, 8 (Frente à Ruatraviesa)

BETANZOS

JOSE FERREIRA

MENDES NUÑEZ, 17

Tecidos nacionaes i-estranxeiros.—Paqueteiría e
Quincalla.—Gran surtido en parauguaos.—Por fin de
temporada sáldanse etaminas, crespós, sedas e toda
crás d'artigos de vran.

Visiten esta casa e mercarán a precios baratisimos

TECIDOS, PANOS, NOVEDADES

MANOLO LOUSA DÍAZ

8. CONSTITUCIÓN, 8

Compreto surtido en panos pra traxes, panas, lás,
estameñas, xéneros brancos, mantos, merinos crespós,
chales, colchas, cortes pra colchós, parauguaos, etc.

E a casa que mais barato vende.

8. CONSTITUCIÓN, 8

TECIDOS, PANOS, NOVEDADES

GRAN CASA PRA VIAXEIROS

— DE —

JOSE BARREIRO REY

Monxas, 4-A.

Teléfono n.º 44

BETANZOS

CONFITERÍA

— DE —

Constantino Rábade

SOPORTÁS DO CAMPO

Dulces finos

Fanse toda crás d'encárregos.

REXURDIMENTO

Redacción e Administración

Praza dos Irmáos García
Naveira, núm. 22

BOLETIN QUINCENAL

ORGÃO DOS INTERESES MARÍÑAS

PREZOS DE SUSCRIÓN

Betanzos, trimestre	0'60
Fora da localidade.	0'9
Exemplar	0'10

ANO I.

Betanzos, 1 de Setembro do 1922.

NÚM. 3

NOSAS RÚAS

Betanzos, a arcaica capital das Mariñas, ofrece ao home areloso de sensacions espirituais a inefavel dozura, a recollida poesia que palpexa no ambiente austero e romántico das súas vellas rúas, fermosos reliquarios que encerran toda a riqueza artística e, ao mesmo tempo, constituyen os valores más outros e representativos d'ista vella cidadade. Porque Betanzos, a más das súas ridentes veigas, dos seus feiticeiros paisaxes, capaces dos más elevados e subrimes transportes, da sedante pracitude dos seus douis ríos, cuia espréndida beleza debira ser cantada pola lírica pruma d'un Anacreonte, posee, pra regalo de quen o visite, rúas laberínticas, solitarias i-oscuras, que se deslizan unhas por baixo d'antiguados teitos, e outras enrédanse en inestricáveis madeixas de sórdidos e denegridos pasillos; rúas que forxaron, a través das vicisitudes dos tempos, o espirto do povo, e que ainda conservan nos seus negros e musgosos muros, cubertos d'herbiñas, o típico encantamento do tradicional e lexendario.

Estos durmentes i-esquecidos logares, de



casas cativas e señorás, alleas á influenza do urbanismo moderno, tan eisento de tradición, d'espirito e d'arte, que levan nomes tan pomposos como Sánchez de Taibo, Cervantes, Díaz de Lemos, bríndannos ó sortilegio magnífico da súa poética visión e transpórtanos a i-alma ás outas rexios do ensono; istas homildes e sinxelas praciñas, que envolven na morna caricia da súa atmósfera, mística as suntuosidades d'un arte no cumbe do seu esplendor, predisponen o ánimo do visitante, capaz de comprender o valor da emoción estética, a unha tenra e saludable sentimentalidade. Non hai nada pra gustar da dozura das prácidias ensoñacións coma a calma relixiosa que sai d'istos recunchos maxicos, sumidos en gratas penumbras, cheias de silencio, e dos que surxe nas horas nocturnas, algunha d'isas vellas de dilatada seneitude ás que o vulgo atribúe o misterioso e mafioso poder d'unha meiga...

Ante unha das rúas mais empinadas e estreitas, a que ostenta un sombrio e veneravel alciprés, dibuxei, fantaseando un pouco a realidade, a lámina qu'ofrezo os leitores.

Betanzos.

J. V. R.